

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL DO DÍA 20 DE SETEMBRO DE 2021.

PRESIDENTE:

D. CARLOS LÓPEZ FONT.

VOGAIS:

D.SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ.
DONA ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA.
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ.
DONA NOEMÍ OUTEDA PROL.
DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS.
DONA OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS.
DONA IRIA LAMAS SALGUEIRO (*En substitución de GREGORIO AGÍS GÓMEZ*).
D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ.
D. JORGE CUBELA LÓPEZ.
D. MIGUEL DOMÍNGUEZ ALFONSO.
DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ.
DON IGNACIO MARIL PARDO.
D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS.
D. JAVIER TOURÍS ROMERO.
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO.
DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA.

No salón de Plenos do Pazo Provincial, sendo as 10 horas e 30 minutos do día 20 de setembro de 2021 asisten, baixo a Presidencia de D. Carlos López Font Presidente da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, as deputadas e deputados que ó marxe se sinalan, membros de dita Comisión, de acordo coa correspondente Orde do Día.

Non asiste o Deputado D. Gregorio Agís Gómez, sendo substituído pola Deputada, Dona Iria Lamas Salgueiro.

Asisten o Sr. Interventor, Don Antonio Graña Gómez e tamén o Sr. Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay.

Actúa como Secretario, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Aberta a sesión, adoptáronse os seguintes acordos:

- 1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL, DO DÍA 10 DE SETEMBRO DE 2021.**

Sometido a votación o asunto, apróbanse por unanimidade a acta da reunión extraordinaria da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, do día 10 de setembro de 2021.



2. APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 4/2021. (EXPTE.- 2021044495).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo asinada polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos, con data 14 de setembro de 2021 na que figura o conforme do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en relación coa aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 4/2021, cuxo contido é o seguinte:

O Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das atribucións delegadas pola Presidencia da Deputación de Pontevedra, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 04/2021. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.03/21), por importe de 3.754.381,12 euros, suplementos de créditos (SUP.04/21) por importe de 447.446,60 euros, financiándose con “baixas por anulación” por importe de 4.201.827,72 euros.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, sendo reducibles os créditos das aplicación nas que se producen as baixas por anulación, por un total de 4.201.827,72 euros, ditas cantidades financian a totalidade dos expedientes.

Resultando que o Servizo de Intervención emite informe de data 14 de setembro de 2021, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian, e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2,3,11,27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira, e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 04/2021.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda:



Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 04/2021 da Deputación de Pontevedra por importe por importe de 4.201.827,72 euros . Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.03/21) por importe de 3.754.381,12 euros, suplementos de créditos (SUP.04/21) por importe de 447.446,60 euros, financiándose na súa totalidade con baixas por anulación. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1. Créditos Extraordinarios “EXT. 03/21”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
240-2427-481,01	AXUDAS, BECAS E PENSÍONS DE ESTUDIO E INVESTIGACIÓN_ " PRACTICUM 21_23" (FOMENTO DE EMPREGO) [Proxecto: 2100003]	130.381,12 €
457-1709-651,09	INVESTIMENTOS XESTIONADOS PARA A ADMINISTRACIÓN ESTATAL (COSTAS) _ (ARQUITECTURA), [PROXECTO: "92110003 Restauración ambiental da zona da Xunqueira", Fase II: demolición das instalacións do Parque Central de Maquinaria e recuperación ambiental da parcela]	1.434.000,00 €
457-4509-622,09	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS _ (ARQUITECTURA), [PROXECTO: "92110003 Restauración ambiental da zona da Xunqueira", Fase I: Traslado das instalacións do Parque Central de Maquinaria ao Polígono Outeda-Curro].	2.190.000,00 €
	Total Créditos Extraordinarios...	3.754.381,12 €

Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios 03/21:

O expediente incorpora o Proxecto: "92110003 Restauración ambiental da zona da Xunqueira" en dúas fases, cuxa dotación inicial por importe de 3.074.000,00€ corresponde á modificación de créditos 02/2021. Neste expediente modifícase o importe, incrementándolle 550.000€ na "Fase II" e recodifícanse as aplicacións para incorporar nas clasificacións funcional e a económica o programa e subconcepto "9" por tratarse dun proxecto que pode optar ao financiamento do "Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia". Respecto da aplicación 21/240-2427-481,01, incorpora as achegas que lle corresponden a esta Deputación para desenvolver o proxecto 2100003 PRACTICUM 21_23, solicitado ao Erasmus +, para este exercicio.

No seu conxunto o expediente de crédito extraordinario 03/21, finánciase con baixas da previsión inicial para "Restauración ambiental da zona da Xunqueira" e con baixas correspondentes a sobrantes de proxectos e servizos incorporados de exercicios anteriores.



Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓNS:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
457-1700-651,00	INVESTIMENTOS XESTIONADOS PARA A ADMINISTRACIÓN ESTATAL (COSTAS) _ ARQUITECTURA (Restauración ambiental da zona da Xunqueira, fase II: demolición das instalacións do Parque Central de Maquinaria e recuperación ambiental da parcela)	-884.000,00 €
457-4500-622,03	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS _ ARQUITECTURA (Restauración ambiental da zona da Xunqueira, fase I: Traslado das instalacións do Parque Central de Maquinaria ao Polígono Outeda-Curro).	-2.190.000,00 €
340-3410-489,02/2020	ACHEGAS A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO, ESCOLAS DEPORTIVAS (DEPORTES)	-10.500,00 €
340-3410-489,04/2020	ACHEGAS A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO, DEPORTE E XUVENTUDE (DEPORTES)	-47.833,81 €
340-3410-489,20/2020	ACHEGAS A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO, CLUBS NACIONAIS (DEPORTES)	-48.446,67 €
340-3410-489,22/2020	ACHEGAS A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO, CLUBS Náuticos (DEPORTES)	-64.067,23 €
340-3410-489,23/2020	ACHEGAS A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO, DEPORTE BASE (DEPORTES)	-10.027,56 €
456-4530-612,02/2020	INVESTIMENTOS, CONVENIOS EN ESTRADAS _ (INFRAESTRUTURAS)	-150.000,00 €
923-1360-462,05/2020	A CONCELLOS, GRUPOS DE EMERXENCIA COMUNITARIA - GES _ (SAIM)	-112.000,00 €
942-9420-762,18/2019	A CONCELLOS, PLAN DE REMODELACIÓN DE VÍAS MUNICIPAIS _ 18-19_POREMSE (COOPERACIÓN)	-237.505,85 €
	Total Baixas por Anulacións...	-3.754.381,12 €

2. Suplemento de Crédito "SUP. 04/21":

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
456-4530-210,00	INFRAESTRUTURA, BENS NATURAIS, "REDE PROVINCIAL" _ (INFRAESTRUTURAS)	106.921,15 €
456-4530-612,01	SEGURANZA VIARIA, MELLORA SINALIZACIÓN _ (INFRAESTRUTURAS)	130.431,03 €



456-4530-612,02	INVESTIMENTOS, CONVENIOS EN ESTRADAS _ (INFRAESTRUTURAS)	130.094,42 €
926-9260-227,06	ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS_ (NOVAS TECNOLOXÍAS), [SMARTPEME]	80.000,00 €
	Total Suplementos de Créditos...	447.446,60 €

Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 04/21:

O expediente nas aplicacións que se suplementan para o Servizo de Infraestruturas finánciase con baixas correspondentes a sobrantes de proxectos e servizos incorporados de exercicios anteriores e, respecto da aplicación 21/926-9260-227,06, con destino ao programa SMARTPEME, finánciase con baixas da aplicación 21/942-4330-422,00 correspondente aos programas de COWORKING, que se incorporan ao SMARTPEME.

Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓNS:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
456-4530-204,00/2020	ARRENDAMENTOS, MATERIAL DE TRANSPORTE _ (INFRAESTRUTURAS)	-1.089,00 €
456-4530-221,04/2020	SUBMINISTROS, VESTIARIO _ (INFRAESTRUTURAS)	-5.832,15 €
456-4530-612,01/2017	SEGURANZA VIARIA, MELLORA SINALIZACIÓN _ (INFRAESTRUTURAS), [Proxecto: 2018039841]	-57.992,71 €
456-4530-612,01/2019	SEGURANZA VIARIA, MELLORA SINALIZACIÓN _ (INFRAESTRUTURAS), [Proxecto: 2019033642]	-21.796,06 €
456-4530-612,01/2020	SEGURANZA VIARIA, MELLORA SINALIZACIÓN _ (INFRAESTRUTURAS), [Proxecto: 2020010606_ 6,238,27€; Proxecto: 20200057077_ 10,193,96€; Proxecto: 20200020979_ 15,635,60€]	-32.157,64 €
456-4530-612,02/2020	INVESTIMENTOS, CONVENIOS EN ESTRADAS _ (INFRAESTRUTURAS)	-248.579,04 €
942-4330-422,00	ACHEGAS FUNDACIÓNS ESTATAIS (EOI), COWORKING, _ (COOPERACIÓN)	-80.000,00 €



	Total Baixas por Anulaci3ns...	-447.446,60 €
--	---------------------------------------	----------------------

Resumo do expediente:

TOTAL SUPLEMENTOS...	447.446,60 €
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	3.754.381,12 €
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN...	-4.201.827,72 €
SUMA...	0,00 €

O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.....	73.078,85 €
Capítulo 4º Transferencia correntes.....	-135.573,00 €
Capítulo 6º Invetimentos reais.....	300.000,00 €
Capítulo 7º Transferencia de capital.....	-237.505,85 €
TOTAL VARIACIONES POR CAPÍTULOS...	0,00 €

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 04/2021 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.03/21), por importe de 3.754.381,12 euros, suplementos de créditos (SUP.04/21) por importe de 447.446,60 euros, baixas por anulación por importe de 4.201.827,72 euros, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 04/2021, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularsen reclamacións contra o mesmo.”



Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (10)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE e dous (2) do grupo provincial do BNG.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (7)**, do grupo provincial do Partido Popular

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo do asunto relativo á aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 4/2021, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE e do BNG e a abstención das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular.

3. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO CASTELO DO SOBROSO. (EXPTE.-2021038003).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo asinada conxuntamente pola Técnica de Administración Xeral, Montserrat María Otero Oitavén e pola Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas, Ruth González Reyes, con data 15 de setembro de 2021, en relación coa aprobación inicial da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos no Castelo do Sobroso, cuxo contido é o seguinte:

“O 19 de xullo de 2021, a Xefa do Servizo de Turismo, coa conformidade da deputada delegada de Turismo propón iniciar o procedemento para a aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos no Castelo de Sobroso.



No expediente queda xustificada a adecuación da norma proposto aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Con carácter previo á elaboración da ordenanza iniciouse un procedemento de consulta pública a través do portal web da Deputación de Pontevedra. Durante o período de consulta, do 16 ao 24 de xuño de 2014, non se recibiron propostas nin suxestións.

O 6 de setembro de 2021 emitiuse informe de Secretaría no que se realizan unha serie de observacións que foron aclaradas mediante informe do Servizo de Turismo de 9 de setembro de 2021.

O 8 de setembro de 2021 emitiuse informe sobre o impacto de xénero da ordenanza, cuxas observacións foron aclaradas mediante informe do Servizo de Turismo de 15 de setembro de 2021.

O 14 de setembro de 2021, Intervención emite unha dilixencia na que sinala unha serie de observacións, aclaradas mediante informe do Servizo de 15 de setembro de 2021.

O 15 de setembro de 2021, Tesourería informa favorablemente a proposta do expediente.

O 15 de setembro de 2021, Intervención informa favorablemente a proposta do expediente.

Consta no expediente unha memoria económico financeira do Castelo de Sobroso.

Segundo o establecido no artigo 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, as entidades locais poderán establecer taxas pola prestación de servizos públicos ou a realización de actividades administrativas locais que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular aos suxeitos pasivos. En particular, polas visitas a museos, monumentos históricos ou artísticos ou lugares análogos (art. 20.4.w).

Segundo o disposto no artigo 33.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, é competencia do Pleno da Deputación de Pontevedra a aprobación das ordenanzas.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital acorda:

Autorizar o establecemento da taxa por prestación de servizos no Castelo de Sobroso e a aprobación provisional da ordenanza fiscal reguladora, de conformidade co seguinte contido literal:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO CASTELO DE SOBROSO



PREÁMBULO

O Castelo de Sobroso é un ben de interese cultural composto de tres corpos ou torres erixido no lugar de Vilasobroso, municipio de Mondariz, nas elevacións de Monte Landín. Consta da Torre da Homenaxe, dependencias inmediatas, fosos, patio de armas, capela, murallas, primeiras liña d defensa e accesorios.

O aspecto actual do Castelo é a consecuencia da última reconstrución, realizada no século XX.

A propiedade do Castelo de Sobroso osténtaa o Concello de Pontearreas, se ben, cedeu gratuitamente o uso á Deputación de Pontevedra. A cesión formalizouse o 1 de xuño de 2014 e tiña unha vixencia de dez anos. No obstante, transcorridos máis de cinco anos dende a formalización do convenio as partes consideraron necesario regular aspectos non contemplados no convenio vixente, para o cal estimaron conveniente resolver e deixar sen efecto o convenio asinado o 1 de xuño de 2014 e subscribir un novo. O novo convenio entrou en vigor o 1 de xuño de 2020 e a súa vixencia manterase por un período de quince anos. O dito convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontearreas para a cesión do uso, a título gratuito, da edificación e conxunto da finca do Castelo de Sobroso co fin de integrar o conxunto monumental na rede de recursos turísticos da Deputación de Pontevedra e mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de actividade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como incrementar, completar, estruturar e comunicar de forma eficiente a oferta turística complementaria das Rías Baixas baseada no patrimonio cultural, histórico e artístico. Así, entre os dereitos da Deputación de Pontevedra regulados na cláusula quinta establécese que a institución provincial poderá deseñar e executar as accións necesarias para a posta en valor do Castelo e do conxunto da finca así como que poderá exercer a potestade regulamentaria en materia tributaria para a cobranza de tributos e prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias.

Así pois, tendo en conta que o Castelo Sobroso constitúe un dos principais recursos turísticos da provincia de Pontevedra e do destino Rías Baixas, a Deputación de Pontevedra puxo en marcha o proxecto de musealización, cumprindo o Plan director dos Castelos de Soutomaior e Sobroso redactado no ano 2015. Este proceso require, ademais, a adopción de medidas de xestión nos servizos que se prestan ou as actividades que se realizan, en consonancia co Plan Estratégico Provincial de Turismo 2021-2023, necesarias para axustarse á demanda crecente, ás necesidades específicas dos turistas e á situación actual, a fin de consolidar “Rías Baixas” e a provincia de Pontevedra como un destino turístico sostible, inclusivo e intelixente, alienado coa Norma UNE 178501:2018 Sistema de xestión dos destinos turísticos intelixentes e a Axenda 2030 da ONU para o desenvolvemento sostible.

As visitas e actividades que se prestarán no Castelo de Sobroso poderán ser obxecto do establecemento dunha taxa, en virtude do disposto no artigo 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.



ARTIGO 1. NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), artigos 132 e 20.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do TRLRHL, o Pleno da Deputación provincial de Pontevedra acorda a imposición e ordenación da taxa polos servizos que se prestan ou as actividades que se realizan no Castelo de Sobroso.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación dos servizos ou a realización das actividades que se detallan na tarifa desta taxa. As categorías nas que se agrupan son as seguintes:

- A) VISITAS
- B) ACTIVIDADES:
 - Visitas teatralizadas e caracterizadas
 - Obradoiros
 - Contacontos
 - Actuacións musicais

ARTIGO 3. SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO

Non estarán suxeitos a esta taxa:

- a) *As visitas realizadas por guías oficiais de turismo ou periodistas no exercicio das súas funcións. Para o acceso gratuito, exclusivamente no caso de estar realizando as súas funcións, deberán presentar copia da habilitación oficial correspondente ou acreditación oficial do medio de comunicación, segundo proceda, xunto co DNI ou pasaporte.*
- b) *O acceso ao Castelo de Sobroso, no caso de que a finalidade sexa estritamente a rodaxe de longametraxes, curtametraxes, gravacións televisivas, vídeo clips, maquetas ou a realización de sesións fotográficas, sempre e cando teña como finalidade a creación cultural e non teña carácter publicitario.*

ARTIGO 4. TARIFAS DAS VISITAS

Establécense as seguintes tarifas para as visitas

TARIFAS DAS VISITAS	IMPORTE
<i>Ordinaria</i>	<i>4,00 €</i>
<i>Reducida</i>	<i>2,00 €</i>
<i>Familiar</i>	<i>4,00 €</i>
<i>Familiar – familia numerosa</i>	<i>2,00 €</i>
<i>Visitas escolares programadas</i>	<i>0,00 €</i>
<i>Gratuíta</i>	<i>0,00 €</i>



1. Tarifa ordinaria

Visitas realizadas polas persoas maiores de idade que non teñan dereito á aplicación dalgunha das tarifas previstas nos apartados seguintes.

2. Tarifa reducida

Visitas realizadas polas persoas que cumpran os requisitos establecidos a continuación, sempre que acrediten previamente a súa condición coa presentación no despacho de billetes do documento oficial correspondente, válido e visiblemente actualizado.

- *Persoas de 65 anos de idade ou máis.*
- *Persoas integrantes de familia numerosa, segundo dispón o artigo 2 da Lei 40/2003, de 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas e Real Decreto 1621/2005, de 30 de decembro, que desenvolve a dita Lei, con acreditación individual ou familiar expedida polo órgano competente.*
- *Titular de carné xove expedido pola European Youth Card (EYCA) ou institucións autorizadas, pola Xunta de Galicia ou portador/a do International Youth Travel Card, expedido polo órgano competente.*
- *Grupos organizados integrados por entre 12 e 15 persoas, incluído o/a guía, intérprete ou profesor/a que os acompañe, sempre que solicitaran a visita conforme as normas de xestión establecidas no artigo 12 desta ordenanza.*

3. Tarifa familiar

Visitas realizadas por unidades familiares.

A efectos desta ordenanza entenderase por unidade familiar a integrada por unha ou dúas persoas adultas e ata dous persoas descendentes ou ao seu cargo de ata doce anos de idade.

Soamente será necesario adquirir unha entrada deste tipo para o acceso de todas as persoas integrantes da unidade familiar.

4. Tarifa familiar – familia numerosa

Visitas realizadas por tres ou máis persoas integrantes dunha familia numerosa, entendida segundo o disposto no artigo 2 da Lei 40/2003, de 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas e Real Decreto 1621/2005, de 30 de decembro, que desenvolve a dita Lei, con acreditación individual ou familiar expedida polo órgano competente.

A efectos desta ordenanza consideraranse persoas integrantes da familia numerosa as que aparezan no carné familiar ou documento equivalente expedido pola autoridade competente.

Soamente será necesario adquirir unha entrada deste tipo para o acceso de todas as persoas integrantes da unidade familiar.

5. Tarifa visitas escolares programadas

Visitas programadas de ludotecas e colexios que impartan ensino regrado.



A estes efectos considérase visita programada a que estea concertada a través do Servizo da Deputación de Pontevedra ao que estea adscrito o Castelo de Sobroso. A concertación da visita a través da Deputación de Pontevedra eximirá da obriga de acreditación do cumprimento dos requisitos no despacho de billetes do Castelo de Sobroso.

No caso de ludotecas, deberán achegar a documentación acreditativa da autorización ou prestación deste servizo.

6. Tarifa gratuíta

Visitas realizadas por persoas que pertencen a algún dos colectivos referidos a continuación, sempre que acrediten previamente a súa condición coa presentación no despacho de billetes do documento oficial correspondente, válido e visiblemente actualizado.

- *Persoas de ata 18 anos de idade, en atención ao disposto no artigo 11 da Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. As persoas maiores de 14 anos deberán presentar DNI, pasaporte, ou documento equivalente.*
- *Estudantes de entre 18 e 25 anos, con documento que acredite a súa condición de estudantes e DNI, pasaporte ou documento equivalente.*
- *Estudantes maiores de 25 anos que estean cursando estudos para a obtención da titulación oficial de Grado e Posgrado (mestrado, experto/a ou doutorado/a) en Arqueoloxía, Belas Artes, Conservación e Restauración, Historia ou Historia da Arte en universidades do sistema educativo español, con documento que acredite a súa condición de estudante e especifique a materia de estudo que está cursando, así como DNI, pasaporte ou documento equivalente.*
- *Persoas con discapacidade.*

Enténdese por discapacidade a situación que resulta da interacción entre as persoas con deficiencias previsiblemente permanentes e calquera tipo de barreiras que limiten ou impidan a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións coas demais, segundo a definición establecida no artigo 2 do Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Deberán presentar un certificado no que se indique que posúe un grado de discapacidade do 33% ou superior e a data de validez do mesmo, así como DNI, pasaporte ou documento equivalente.

- *Persoas en situación legal de desemprego. Deberán presentar documentación xustificativa expedida polos Servizos Públicos de Emprego, así como DNI, pasaporte ou documento equivalente.*
- *Persoas que pertencen ás entidades seguintes:*
 - *Consello Internacional de Museos (ICOM)*
 - *Consello Internacional de Monumentos e Sitios (ICOMOS)*



Deberán presentar o documento xustificativo da súa condición, así como DNI, pasaporte ou documento equivalente.

Poderase autorizar a gratuidade dos servizos que se presten en virtude de convenios con outras administracións públicas.

A Deputación de Pontevedra poderá conceder, con carácter puntual, unha autorización especial para o acceso gratuíto a persoas, grupos profesionais ou outros colectivos de carácter social ou cultural cuxa visita, pola súa relevancia e vinculación co Castelo de Sobroso poida redundar no seu beneficio. A competencia para ditar a autorización correspóndelle á Presidencia da Deputación de Pontevedra.

Establécense como días de visita pública gratuíta para todas as persoas visitantes os seguintes:

- 25 de xullo (Santiago Apóstolo - Día Nacional de Galicia)
- 18 de maio (Día internacional dos museos)
- 27 de setembro (Día mundial do turismo)
- Domingo de Corpus Christi

En casos excepcionais, debidamente xustificados, poderanse establecer outros días de visita pública gratuíta.

ARTIGO 5. TARIFAS DAS ACTIVIDADES

Establécese a seguinte tarifa para o acceso ás actividades que se realicen no Castelo de Sobroso:

TARIFAS DAS ACTIVIDADES	IMPORTE
Ordinaria	5,00 €

ARTIGO 6. SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades referidas no artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT).

Serán responsables subsidiarias as persoas integrantes da administración concursal e os liquidadores/as de sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da LXT.

ARTIGO 7. COTA TRIBUTARIA

A cota desta taxa será a cantidade resultante de aplicar as tarifas sinaladas nos artigos 4 e 5 desta ordenanza.

ARTIGO 8. BENEFICIOS FISCAIS

Admitiranse os beneficios fiscais que establezan normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 9. DEVENGO



A taxa devindicarase cando se presente a solicitude de prestación ou realización da actividade. A prestación do servizo ou realización da actividade non se iniciará ou autorizará ata que non se efectúe o pagamento da correspondente liquidación.

ARTIGO 10. LIQUIDACIÓN

A taxa liquidarase no momento de presentar a solicitude de prestación do servizo ou realización da actividade. No caso de que se realice o aproveitamento dos servizos ou actividades sen mediar unha solicitude previa liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

ARTIGO 11. INGRESO

O pagamento desta taxa realizarase no momento en que se presente a solicitude da prestación do servizo ou realización da actividade. En todo caso, o ingreso terá que ser anterior á prestación do servizo ou á realización da actividade.

ARTIGO 12. NORMAS DE XESTIÓN

1. A forma de pago dos servizos e actividades poderanse efectuar en efectivo, mediante ingreso na conta bancaria indicada pola Deputación de Pontevedra ou polos medios electrónicos habilitados ao efecto.

2. Nos supostos de aplicación de tarifas diferentes á ordinaria, as persoas solicitantes deberán acreditar que se atopan nalgunha das circunstancias que dan dereito á mesma. Esta documentación presentarse no momento de efectuar o pago. No suposto de pago anticipado a documentación deberá presentarse o día da prestación do servizo ou actividade. No caso de que non se acredite a condición que da lugar ao dereito, a persoa solicitante deberá abonar a diferenza.

3. No caso de visitas de grupos organizados, a persoa interesada deberá presentar unha solicitude cunha antelación mínima de quince días naturais.

A instrución do procedemento corresponderalle á xefatura do Servizo ao que estea adscrito o Castelo de Sobroso, que poderá realizar todos aqueles actos para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos en virtude dos que deba pronunciarse a resolución. En particular, a Deputación de Pontevedra poderá solicitar información complementaria sobre a actividade e os seus responsables.

O prazo máximo para resolver será de dez días naturais. Na resolución indícarase a forma, modo e prazo para o pago da taxa. No caso de que a persoa interesada non realice o pago no prazo concedido, teráselle por desistido na súa solicitude.

A eficacia da resolución de autorización quedará demorada ata que se produza o pago da taxa.

ARTIGO 13. INFRACCIÓN E SANCIÓN

Serán de aplicación as disposicións xerais sobre infraccións e sancións tributaria establecidas na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e a normativa de desenvolvemento.



DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA. ENTRADA EN VIGOR

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, (7) do grupo provincial do Partido Popular e dous (2) do grupo provincial do BNG.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo do asunto relativo á aprobación inicial da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos no Castelo de Sobroso, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, Partido Popular e do BNG.

4. APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO REGULAMENTO ORGÁNICO PROVINCIAL. (EXPTE.- 2021045291).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo asinada pola Directora de Xestión dos Servizos do ORAL, con data 15 de setembro de 2021 en relación coa aprobación inicial do expediente de modificación puntual do Regulamento Orgánico da Deputación de Pontevedra, cuxo contido é o seguinte:

“Visto o contido da proposta de modificación puntual do actual Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra de data 15 de setembro de 2021, suscrita pola Dirección de Servizos do ORAL.



Vistos os informes favorables da secretaría e intervención de datas 15 de setembro de 2021.

Visto o ditame emitido pola Comisión informativa.

En virtude das competencias atribuídas ao Pleno conforme ao artigo 33 da Lei 7/85 de 2 de abril, así como o disposto no artigo 47.2 en relación á maioría necesaria para a adopción de acordos, propónse a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Aprobar a modificación puntual do Regulamento orgánico Provincial, aprobado en sesión plenaria de 30 de setembro de 2016 e modificado puntualmente na sesión do 26 de febreiro de 2021, mediante a introdución dun Capítulo III no actual Título III do vixente Regulamento Orgánico coa seguinte denominación: Capítulo III - “ Do Órgano de Xestión Tributaria e Recadación de Recursos Locais. ORAL “

SEGUNDO: Aprobar a introdución dun artigo 54 BIS dentro do Capítulo III do Título III co seguinte tenor literal:

ARTIGO 54.BIS.- O ORAL

O Órgano de Xestión Tributaria e Recadación de Recursos Locais (ORAL) é o órgano desconcentrado sen personalidade xurídica que, con dependencia xerárquica orgánica da Presidencia da Deputación, desenvolve as funcións de recadación e de xestión catastral, censual, tributaria, inspectora e de colaboración na xestión catastral e recadación das sancións de tráfico e outros ingresos públicos ás Entidades locais que teñan delegada de forma expresa ditas funcións, de conformidade co disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local e 7 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais ou lle sexa encomendada segundo o establecido no artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Do mesmo xeito, tamén desenvolverá as funcións de recadación e outras que lle sexan expresamente encomendadas respecto dos recursos propios da Deputación.

As disposicións orgánicas e funcionais do ORAL, do órgano desconcentrado, serán as establecidas polo Pleno da Deputación, e na propia “Ordenanza reguladora do órgano ORAL” cuxa aprobación corresponde ao Pleno da Deputación de acordo co establecido no artigo 49 da LBRL.

Os créditos necesarios para o seu funcionamento son os asignados na clasificación orgánica 932 do actual orzamento definitivo aprobado por esta Deputación ou na clasificación orgánica futura que se poida establecer pola mesma que substitúa á actual

TERCEIRO: Someter estas modificacións á información pública e audiencia ás persoas interesadas polo prazo de 30 días. Para a súa entrada en vigor é necesario a publicación



completa do mesmo no BOPPO e que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 (artigo 70.2 da Lei 7/85). Así mesmo publicarase na web corporativa.

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (10)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE e dous (2) do grupo provincial do BNG.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (7)**, do grupo provincial do Partido Popular

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo do asunto relativo á aprobación inicial do expediente de modificación puntual do Regulamento Orgánico Provincial, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE e do BNG e a abstención das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular.

5. PROPOSICIÓN DO GOBERNO PARA ADHERIRSE Á DECLARACIÓN DE BILBAO. (EXPTE.- 2021045377).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposición do Goberno para adherirse á Declaración de Bilbao asinada pola Presidenta da Deputación de Pontevedra, con data 15 de setembro de 2021, cuxo contido é o seguinte:

“PROPOSICIÓN DO GOBERNO PARA ADHERIRSE Á DECLARACIÓN DE BILBAO

La Declaración de Bilbao emerge como un documento internacional que reúne os compromisos compartidos por gobernos locais, institucións internacionais, empresas privadas de diferentes sectores (automoción, transporte, enerxía, tecnoloxía, start-ups)



e centros académicos e de coñecemento, o obxectivo de implementar modelos de mobilidade urbana sostible nas nosas cidades.

O obxectivo principal da citada Declaración é recompilar os compromisos compartidos por diferentes actores, públicos e privados, con capacidade de impacto e transformación en favor da construción de modelos de mobilidade urbana mais sostibles. Desta maneira, a Declaración de Bilbao se suma ós esforzos realizados na esfera internacional para promover o desenvolvemento global sostible, en liña coa Nova Axenda Urbana e os Obxectivos para o Desenvolvemento Sostible (ODS). A Declaración de Bilbao é, polo tanto, a expresión da vontade, por parte de diferentes actores de dar cumprimento de forma transversal á Axenda 2030. A mesma asume como propios os seguintes obxectivos:

- Eríxese como o documento internacional de referencia en materia de mobilidade urbana sostible para contribuír de maneira integral e transversal ó desenvolvemento urbano sostible.*
- Promove a mobilidade activa como unha forma de fomentar os hábitos de vida saudable. Ademais, insta á redución da contaminación do aire e acústica, que redonda na mellora do benestar social.*
- Contempla incorporar a perspectiva de xénero nas políticas públicas e actuacións coa mobilidade urbana sostible, para favorecer a seguridade das mulleres, e incluír a súas demandas no ámbito da mobilidade.*
- Pretende contribuír á transición enerxética e á descarbonización da economía, impulsando a mobilidade eléctrica, a través de incentivos, marcos regulatorios e espazos de colaboración público-privado para adaptar as cidades á mobilidade eléctrica, investindo en infraestruturas de carga.*
- Utilizar a tecnoloxía como motor de novos negocios que contribúan á mobilidade sostible, o que implica a creación de postos de traballo en toda a cadea de valor.*
- Ampárase na dixitalización de economía e a industria 4.0, baseada na innovación e os avances tecnolóxicos, como palanca para lograr que a mobilidade urbana sexa o mais sostible posible.*
- Pretende que os sistemas de transporte público se convertan en instrumentos para reducir a desigualdade nas cidades, propoñendo a extensión da súa cobertura horaria, territorial e accesibilidade de prezo.*
- Propón orientar o futuro da mobilidade cara modelos de cero emisións que non contribúen ó quecemento global. Desta maneira lógrase tamén o aliñamento co Acordo de París.*



Resultando que é desexo desta Deputación adherirse á citada Declaración.

Considerando o disposto nos arts. 34.1,b) da Lei 7/85, de 2 de abril, 58,c) do RD 2568/86, de 28 de novembro e 28 do Regulamento orgánico provincial.

Visto o preámbulo, obxectivos e compromisos establecidos na citada Declaración, a Presidencia somete á consideración do Pleno a adopción do seguinte acordo:

A Deputación de Pontevedra se adhire á Declaración de Bilbao, relativa a “cara unha mobilidade urbana mais sostible”

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, (7) do grupo provincial do Partido Popular e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 3. Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo do asunto relativo á proposición do Goberno para adherirse á Declaración de Bilbao, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, Partido Popular e do BNG.



6. MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA Á COLABORACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA NA ELABORACIÓN E EXECUCIÓN DOS PLANS DE EMERXENCIAS MUNICIPAIS. (EXPTE.- 2021045393).

A Deputada, María Carmen Amoedo Dasilva presentou o día 15 de setembro de 2021 co número de rexistro WEB 2021035219 unha moción do grupo provincial do Partido Popular asinada polo voceiro do grupo provincial, Jorge Cubela López, relativa á colaboración da Deputación Provincial de Pontevedra na elaboración e execución dos Plans de Emerxencias Municipais, cuxo contido é o seguinte:

“MOCIÓN RELATIVA Á COLABORACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA NA ELABORACIÓN E EXECUCIÓN DOS PLANS DE EMERXENCIAS MUNICIPAIS.

A Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia, define con claridade o papel de cada un dos axentes implicados en protección civil e emerxencias e, fundamentalmente, das administracións públicas con competencias na materia. Esta lei estrutura de forma coordinada os cometidos das distintas administracións públicas de Galicia con competencias neste eido. No capítulo IV desta lei establécense as competencias das entidades locais en emerxencias.

Deste xeito, os concellos son os encargados de elaborar e aprobar o plan de emerxencia municipal, os plans de actuacións municipais e, xeral, calquera outros instrumentos de planificación de protección civil no ámbito municipal, tal e como se recolle no artigo 27 c).

Por outra banda, o artigo 26 b) establece que é competencia das Deputacións Provinciais facilitar a asistencia técnica e financeira aos municipios da provincia para a elaboración e execución dos plans de emerxencia. Neste senso, a realidade da nosa provincia non é outra que a maioría dos concellos que a conforman trátanse de pequenos e medianos municipios, e moitos deles non teñen nin a capacidade técnica nin financeira suficiente para poder afrontar a elaboración do seu plan de emerxencia municipal correspondente.



Así, desde o Grupo Provincial Popular cremos necesario que a Deputación Provincial de Pontevedra habilite mecanismos de axuda aos concellos que o precisen para a elaboración dos seus plans de emerxencias municipais, tendo en conta que a propia Lei de Emerxencias de Galicia o contempla. Por todo isto, o Grupo Provincial Popular eleva ao Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra a presente Moción relativa á colaboración da Deputación Provincial de Pontevedra na elaboración e execución dos Plans de Emerxencias Municipais e propónse a aprobación dos seguintes Acordos:

- *Que a Deputación Provincial de Pontevedra habilite mecanismos de axuda aos concellos que o precisen para a elaboración e execución dos seus plans de emerxencias municipais, facilitando medios técnicos e financeiros”.*

O Presidente da Comisión informa que en relación á moción do grupo provincial do Partido Popular relativa á colaboración da Deputación Provincial de Pontevedra na elaboración e execución dos Plans de Emerxencias Municipais, os voceiros dos grupos provinciais do PSdG-PSOE e do BNG, acaban de presentar no rexistro electrónico (número de rexistro 2021021440 de data 20 de setembro de 2021) unha emenda de substitución aos acordos incluídos nesta moción.

A continuación faille entrega ao voceiro do grupo do Partido Popular dunha copia da emenda de substitución aos acordos da citada moción para a toma de coñecemento do seu contido e posterior debate no pleno.

Sometida a votación a moción do Grupo Provincial do Partido Popular relativa á colaboración da Deputación Provincial de Pontevedra na elaboración e execución dos Plans de Emerxencias Municipais, obtívose o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (7)**, do grupo provincial do Partido Popular.
2. **Votos en contra: (10)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE e dous (2) do grupo provincial do BNG.
3. **Abstencións: (0)**, ningunha.



A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a moción do Grupo Provincial do Partido Popular relativa á colaboración da Deputación Provincial de Pontevedra na elaboración e execución dos Plans de Emerxencias Municipais, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular e cos votos en contra das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE e do BNG.

7. MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR EN APOIO DA ASIGNACIÓN DE RECURSOS DO PROGRAMA “NEXT GENERATION” PARA AS INICIATIVAS LIGADAS AO ÁMBITO DA MOBILIDADE SOSTIBLE EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES. (EXPTE.- 2021045396).

A Deputada, María Carmen Amoedo Dasilva presentou o día 15 de setembro de 2021 co número de rexistro WEB 2021035219 unha moción do grupo provincial do Partido Popular asinada polo voceiro do grupo provincial, Jorge Cubela López, en apoio da asignación de recursos do programa “Next Generation” para as iniciativas ligadas ao ámbito da mobilidade sostible en concellos de menos de 50.000 habitantes, cuxo contido é o seguinte:

“MOCIÓN EN APOIO DA ASIGNACIÓN DE RECURSOS DO PROGRAMA “NEXT GENERATION” PARA AS INICIATIVAS LIGADAS AO ÁMBITO DA MOBILIDADE SOSTIBLE EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES

Para axudar a reparar os danos económicos e sociais causados pola pandemia do coronavirus, os dirixentes da UE acordaron un plan de recuperación que liderará o camiño para a saída da crise e sentará as bases para unha Europa moderna e máis sostible. España vai recibir 140.000 millóns de euros dos que 72.000 millóns van ser a fondo perdido.

O Goberno Central presentou un Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no que dous dos seus eixos centrais son a Transición Ecolóxica e a Cohesión Territorial e Social.



A Xunta estima que para contribuír ao desenvolvemento de Galicia en igualdade de oportunidades se debe ampliar o máximo a cobertura territorial dos investimentos destinados á recuperación fronte á pandemia.

Galicia conta cunhas peculiaridades xeográficas e demográficas, entre as que destaca a dispersión territorial, que supón contar con máis da metade dos núcleos de poboación de España. Esta circunstancia implica unha maior necesidade de investimentos per cápita para deseñar e financiar os servizos públicos, incluídos os de mobilidade. E, por outra banda, está demostrado que un pequeno investimento no noso rural supón un enorme e importante beneficio para o conxunto do territorio e contribúe a fixar poboación.

Tanto as entidades locais como as comunidades autónomas temos competencias moi relevantes en materia de mobilidade.

Pese a iso, o Goberno de España resérvase a maior parte dos fondos para os investimentos en materias da súa competencia. En concreto, as administracións autonómicas terán unha capacidade de decisión sobre o 9% dos fondos, o que en Galicia se traduce nunha cantidade moi pequena, 51 M€ para a actividade da compoñente 1 (Plan de choque de mobilidade sustentable, segura e conectada en contornas urbanas e metropolitanas), que é a que concentra a maior necesidade de investimento. É evidente que con está contía non é posible atender a demanda da sociedade galega nin acometer nos termos plantexados as propostas transformadoras remitidas a través das manifestacións de interese para os fondos “Next Generation”.

A Xunta de Galicia xa trasladou ao Goberno Central a súa preocupación pola asignación dos recursos do programa “Next Generation” en relación coas propostas presentadas ligadas ao ámbito da mobilidade sostible, a dixitalización do transporte e a comunicación.

Galicia presentou de maneira xustificada e detallada a través de 4 manifestacións de interese, un total de 18 proxectos por un valor de 910,7 M€, dos que 12 son impulsados dende a Xunta de Galicia e 6 saen da iniciativa privada.

Os criterios fixados polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para os investimentos das Comunidades Autónomas e dos Concellos non son equitativos cos previstos para o Executivo estatal. Son moito máis restritivos en canto o obxecto e



prazos, ao non permitir os investimentos dentro de todas as súas competencias de mobilidade e e porque, mentres o Goberno de España ten ata o ano 2026 para a execución deses fondos, o prazo fixado para os Concellos e para as Comunidades é o 2024, algo especialmente relevante se se ten en conta que moitos dos proxectos precisarían autorizacións sectoriais.

Na derradeira Conferencia Sectorial de Transportes, o Ministerio trasladou ás Comunidades Autónomas que os fondos europeos para a mellora da mobilidade e a dixitalización do transporte deben ser investidos en núcleos de poboación de máis de 50.000 habitantes. Así se confirmou tamén na reunión bilateral entre o Ministerio e a Xunta de Galicia, na que se abordou a asignación dos fondos á nosa Comunidade.

É evidente que este criterio de distribución deixa á marxe do financiamento europeo extraordinario ao 97,8% dos concellos galegos. Deixar fóra da posibilidade de formular proxectos transformadores a maior parte do territorio galego non parece xusto nin coherente dende o punto de vista do reto demográfico nin dende o punto de vista ambiental.

Dado o restrinxido do financiamento para os Concellos e para a Comunidade Autónoma de Galicia cremos tamén preciso coñecer os proxectos a executar no territorio por parte da Administración Xeral do Estado para poder coordinar e potenciar as ditas actuacións. É esta unha cuestión moi relevante, xa que nos medios de comunicación se foron anunciado actuacións estatais en Galicia que parecen non ter moita coherencia cos obxectivos dos fondos Next Generation.

Dado que non se produciu ata o momento un cambio de postura no reparto de fondos por parte do Ministerio de Transportes é urxente solicitar unha reorientación e flexibilización dos fondos europeos na procura dunha maior equidade e equilibrio territorial.

Por todo o exposto, solicítase do pleno da Deputación de Pontevedra a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Facer chegar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a disconformidade e o malestar da Deputación de Pontevedra por deixar fóra do reparto de fondos europeos NEXT GENERATION no ámbito da mobilidade sostible aos concellos de menos de 50.000 habitantes.



2.- Rexeitar os criterios fixados polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para o reparto dos fondos entre a Administración autonómica e os Concellos de Galicia, por non ser equitativo cos fondos que se reserva o Goberno de España, e porque os criterios fixados polo propio Ministerio supoñen privar aos concellos con poboación inferior a 50.000 persoas de poder recibir investimentos con cargo a estes fondos europeos, excluindo así ao 97,8% dos concellos galegos.

3.- Requirir ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana que informe á Xunta de Galicia e aos Concellos dos proxectos que vai executar no seu territorio para poder coordinar e potenciar as ditas actuacións e a súa coherencia cos fondos Next Generation.

4.- Instar ao Goberno de España, e nomeadamente ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a negociar coa Xunta de Galicia e cos Concellos unha reorientación e flexibilización dos criterios de reparto e dos prazos para a execución dos fondos europeos Next Generation, que permita o acceso aos mesmos en igualdade de condicións, ampliar ao máximo a cobertura territorial dos investimentos, dirixindo tamén cara aos concellos máis pequenos estes fondos destinados á recuperación e á reconstrución fronte á pandemia, para afondar na igualdade de oportunidades e avanzar na loita contra o despoboamento.

Sometida a votación a moción do Grupo Provincial do Partido Popular en apoio da asignación de recursos do programa “Next Generation” para as iniciativas ligadas ao ámbito da mobilidade sostible en concellos de menos de 50.000 habitantes, obtívose o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (7)**, do grupo provincial do Partido Popular.
- 2. Votos en contra: (10)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- 3. Abstencións: (0)**, ningunha.



A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a moción do Grupo Provincial do Partido Popular en apoio da asignación de recursos do programa “Next Generation” para as iniciativas ligadas ao ámbito da mobilidade sostible en concellos de menos de 50.000 habitantes, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular e cos votos en contra das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE e do BNG.

8. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE AGOSTO DE 2021. (EXPTE.- 2021044895).

A Intervención con data 13 de setembro de 2021, elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de agosto de 2021, onde se deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido no texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a



información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ó mes ou ó trimestre anterior:

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ó mes de agosto de 2021 que se expón a continuación:

PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES AGOSTO DE 2021

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Agosto	12,4990357030	3.022.243,00	9,5977684236	881.607,29	11,8438419343
Escola de Enfermería	Agosto	8,8157471819	1.742,28	50,0000000000	151,90	12,1184364738
Consorcio de Incendios e Salvamento	Agosto	14,2958173973	17.949,35	83,5323578516	260.140,88	79,0634813384
Consorcio Deza Tabeiros	Agosto	9,1526430100	10.805,67	5,2963724200	749,26	8,9025896300
TOTAL			3.052.740,30		1.142.649,33	16,2915001485

En base ós cálculos detallados nestes informes ponse de manifesto que se **cumple** co período medio de pago legalmente previsto”.

A Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital queda enterada do contido do **informe do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de agosto de 2021 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do**



Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consortio Contraincendios Deza e Tabeiros-Terra de Montes, en relación ó disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

9. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciron.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizado o acto, sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día arriba sinalado, do que, como Secretario, dou fe.

O Secretario da Comisión

Asdo.: José Antonio Gulías Varela

(Documento asinado electrónicamente ó marxe)

